

# Páxinas Informativas do Museo do Pobo Galego



**Museo do Pobo Galego - San Domingos de Bonaval - 15703 Santiago de Compostela**  
tel. 981 583 620 • fax 981 554 840 • [www.museodopobo.es](http://www.museodopobo.es) • correo electrónico: [info@museodopobo.com](mailto:info@museodopobo.com)

Director: Carlos García Martínez ■ Subdirectora: María-Xosé Fernández Cerviño  
Redacción: David Conde Lourido, Ana Estévez Lavandeira, Rosa Méndez García, Belén Sáenz-Chas Díaz  
Administración: Xulia Vázquez Randulfe ■ Edición: Nieves Ozores

xaneiro 1/2012

## Prezadas amigas e amigos:

Despois de seis meses de interrupción, por mor das restricións de todo tipo que houbemos de afrontar nos pasados meses, reanudamos a publicación das páxinas informativas. Isto é posible mercé á colaboración altruísta da deseñadora Nieves Ozores, a quen agradecemos a axuda que nos brinda para recuperar este vehículo de comunicación cos socios e socias do Museo.

A campaña de captación de recursos propios para contrarrestar a redución das axudas públicas, iniciada o 1 de abril de 2011 coa instauración do cobro da entrada ao Museo, empeza a dar os seus froitos coa incorporación dalgunhas empresas e entidades como patrocinadores e socios protectores do Museo.

Os novos patrocinadores son ENGASA Energía de Galicia S.A. e a Fundación La Rosaleda. Os socios protectores son Eduardo Beiras García-Martí, a Fundación Rodríguez Iglesias, a I.X.P. Ternera Gallega, O 16 Casa de Xantar e Progando S.L.

Tamén se rexistrou en 2011 cun apreciable incremento na inscrición de novos socios. Ende ben, aínda estamos lonxe de acadar o obxectivo de garantir un financiamento estable e suficiente para que o Museo poida seguir desenvolvendo a súa actividade sen detrimento pola insuficiencia de recursos económicos.

Nesta procura, o concurso dos socios segue a ser fundamental. Por iso, **reiteramos o chamamento a contribuir con suxestións e propostas sobre posibles canles de patrocinio, facilitando contactos con empresas e conseguindo novas inscricións.** Na páxina web do Museo <http://www.museodopobo.es/museo-socios.php> pódese descargar o boletín de inscrición.

O Padroado, a Xunta Reitora e a Dirección do Museo agradecen fondamente a vosa comprensión e o apoio que, non o dubidamos, vai atopar este chamamento.

## Pasamento de Isaac Díaz Pardo



Foto Margen

O pasado día 5 de xaneiro morreu Isaac Díaz Pardo. Velámolo e despedímolo no Museo do Pobo Galego do que foi patrón fundador e presidente do seu Padroado. Desaparece a enxoiata figura física de Isaac, pero quédanos o pracenteiro consolo da súa obra e dos seus emprendementos tras 91 anos ao servizo da dignidade humana e da creación de factorías culturais e espazos contra o baleiro.

Naceu Díaz Pardo en Santiago en agosto de 1920 no fogar no que seu pai, Camilo Díaz Baliño, instalara un obradoiro de artes gráficas e outro de escenografía, que tamén era punto de encontro da intelectualidade galeguista da IIª República, desde Castelao ou Ánxel Casal ata os máis novos da xeración do Seminario de Estudos Galegos.

Aquela foi unha escola que, de xeito informal, foi guiando ao neno Isaac.

Todas as utopías da infancia escacharon en xullo de 1936. Díaz Baliño foi inmolado e Isaac pasou de ser un neno educado nos valores republicanos a un adolescente baixo sospeita. Ao amainar un pouco a terrible represión inicial do levantamento militar, con axudas económicas diversas, trasladouse a Madrid para estudar Belas Artes e de 1943 a 1948 dedicouse integramente á pintura, actividade que abandonou para regresar a Galicia e iniciar a súa etapa de ceramista.

Atraído pola experiencia e utilizando as mesmas arxilas caoliníferas que Antonio Raimundo Ibáñez usara para fabricar louza en Sargadelos, en 1950 fundou a Fábrica de Cerámicas do Castro, no concello de Sada. En 1955 aceptou a invitación que lle fixeron un grupo de exiliados galegos na Arxentina para montar a Fábrica de Porcelanas Magdalena, a 108 quilómetros de Bos Aires. A estadia americana de Díaz Pardo resultou ser unha decisión de profundas consecuencias para a cultura galega, pois en 1963 Luís Seoane e máis el crearon o Laboratorio de Formas de Galicia, ente teórico e viveiro de ideas, que fixo posible que, desde 1970, a cerámica de Sargadelos, coa color azul cobalto como elemento de identificación, actuase de embaixadora de Galicia polo mundo. E para recuperar a memoria histórica de Galicia, interrompida en 1936, o Laboratorio de Formas tamén creou Edicións do Castro, o Museo Carlos Maside, o Novo Seminario de Estudos Galegos, o Laboratorio de Industria e Comunicación do Castro, o Instituto Galego de Información, etc., que conforman ese inmenso paraíso de arte, industria e comunicación co que as personalidades creadoras e visionarias de Luís Seoane e Díaz Pardo agasallaron ao pobo galego.

Isaac, unha torre de ética por riba de todo. Que a Terra lle sexa lene. E Sempre en Galiza.

## HOMENAXE A ISAAC DÍAZ PARDO

>>

O Museo do Pobo Galego quere render homenaxe a quen fora membro fundador e presidente do Padroado, Isaac Díaz Pardo, cun acto público que terá lugar mércores, 15 de febreiro, ás 19h30, no auditorio do Museo.

O acto contará coas intervencións de Rosa Aneiros, Inma López Silva, Charo Portela e Luz Pozo Garza, e será presentado polo membro do Padroado, Xosé Ramón Fandiño.

Proxectarase, como estrea absoluta, o vídeo *Isaac Díaz Pardo. Memoria do compromiso*, de Xaime Fandiño.

Pechará a sesión unha homenaxe musical a cargo de Luís Soto, frauta.

Colabora: Kachet Loxística.



## CONSERVACIÓN. NOVAS ADQUISICIÓNS

>>

No pasado ano, a colección de obxectos do MPG experimentou un incremento cuantitativo sen precedentes nos últimos 10 anos, pois só en 2011 ingresaron 602 novas pezas. Esta cifra dista considerablemente dos 87 novos rexistro do ano 2003 e duplica as 297 entradas do ano 2002, a cifra máis elevada acadada neste século XXI. Coas novas incorporacións, o libro de rexistro chega xa aos 10.918 asentos.

Máis salientable é aínda o feito de que, agás unha peza, todos os ingresos foron en concepto de doazón ou depósito, o que supón unha mostra máis do apoio social co que conta a nosa institución: cada día son máis as persoas que consideran o MPG como o lugar axeitado para a conservación e valorización dos obxectos que durante anos gardaron nas súas casas como memoria de actividades e costumes doutros tempos.

Pero estes novos ingresos non podemos valoralos unicamente pola súa cantidade; en termos culturais, a calidade das novas pezas é innegable. A colección enriqueceuse con pezas de novas procedencias, de usos ou tipoloxías que aínda non estaban recollidos e, en moitos casos, complementando aspectos nos que a colección do MPG era deficitaria. Algunhas das novas achegas veñen perfectamente documentadas e contextualizadas, o que nos permite coñecer os aspectos culturais que rodean estes obxectos: quen as fixo, para quen e para que, en que lugar e en que data, en que ocasións se empregaban ou ata cando se utilizaron.

Sen dúbida, a sección da colección que máis medrou foi a de Indumentaria, grazas principalmente á doazón de **Roberto Reigosa Méndez**, formada por un total de 238 pezas de vestir, complementos



e roupa da casa froito de varios anos de recompilación polas zonas rurais e vilas dos concellos de Alfóz, O Valadouro e Mondoñedo. A esta hai que sumar outras achegas como a de **Miguel García Barreiro**, cun conxunto de roupa da súa bisavoa Concepción Salaño, procedente de Silvouta (Vilvestro, Santiago de Compostela) ou a de **Obdulia Mata Bonome** quen doou o traxe que o seu padriño, Manuel Pita Bonome, empregaba nas actuacións da agrupación folclórica santiaguesa Cantigas e Agarimos.

De grande interese é tamén o depósito de **M<sup>a</sup> Jesús Sánchez Peteiro** que inclúe o traxe que levou a súa bisavoa, Josefa Peteiro Sánchez, o día da súa voda celebrada o 26 de setembro de 1895 na parroquia de San Paio de Aranga.

En canto aos oficios artesanais, cabe destacar a achega da **Familia de Francisco Cerviño**, carpinteiro rural do Pouso (San Xiao de Veá, A Estrada) quen, entre outros traballos, se dedicaba á elaboración dos excepcionais espadeleiros e espadelas característicos deste val. O depósito inclúe varias destas pezas para a transformación do liño, feitas por el, algunhas incluso aínda sen rematar, así como a ferramenta específica que empregaba para a súa elaboración.

A colección numismática veuse incrementada grazas a doazón de **Fernando Acuña Castroviejo** composta por 98 moedas de diferentes épocas e países. As máis antigas son dúas moedas romanas, un as de Tiberius da ceca hispánica de Ercavica e un follis de Constantino I dos anos 307-308. Destaca ademais a serie española, con exemplares de case todos os monarcas, dende Felipe II ata Alfonso XIII, así como as moedas do Xeneral Franco. Hai tamén moeda estranxeira do século XX, sobre todo francesa, pero tamén de países como Hungría, Venezuela e Siria.

Por último, temos tamén que salientar o depósito da **Asociación Cultural Tamparrantán** formado por 75 pezas diversas que esta asociación tiña recollidas dende o ano 1992 por distintas parroquias da Estrada. A meirande parte delas son apeiros agrícolas e pezas de uso doméstico, así como outras ferramentas entre as que tampouco faltan exemplares dos curiosos espadeleiros do val.

## EXPOSICIÓNS

### >> REFLEXARTE, proxecto de investigación en vidro de once artistas galegos

Ata o 26 de febreiro permanecerá aberta a exposición inaugurada o 12 de xaneiro. Con este novo proxecto, o Museo do Pobo Galego mantén o seu camiño de consolidación expositiva abrindo ventás a novos campos de actuación artísticos comprometidos coa cultura galega. O proxecto nace na Coruña, con motivo do 75 aniversario da Cristalería El Reflejo, fundada en 1935 por Jesús Ares González. Grazas á xenerosidade desta empresa, os artistas puideron construír os seus propios soños deixando que a imaxinación fluíse a través da beleza e luminosidade transparente do cristal. Colaboran tamén para a edición do catálogo a Deputación de Ourense e a imprenta Litonor.

**Julia Ares, María Xosé Díaz, Tono Galán, Tiago Madeira, Acisclo Manzano, Manuel Patinha, Soledad Penalta, Paco Pestana, Montse Rego, Carmen Senande e Álvaro de la Vega**

### >> NO PAÍS DAS VACAS. Xurxo Lobato

14 febreiro-1 abril

Dende hai séculos asóciase a imaxe da vaca a Galicia, pero pouco sabemos do mundo que se desenvolve arredor deste animal. Hoxe unha vaca é unha máquina para producir leite ou carne, cuns obxectivos que cumprir. Muxida por robots, estabulada sen cornos e mesmo, ás veces, sen rabo. Toda unha industria se sustenta na produción de leite e carne en Galicia.

É a columna vertebral do rural. Gandeiros, veterinarios, transportistas, fábricas, laboratorios, investigadores, restaurantes, carnizarías, todos viven por e para a vaca. Coidana, mímana, recéitanlle a alimentación axeitada para que produza máis leite ou máis carne. E ela a cambio dá de comer a moitas familias, ás que producen leite ou carne e ás que os consomen.

Por ese motivo, merece unha homenaxe, e esta exposición quere ser un tributo visual á vaca, explicar como vive, de que vive e quen vive dela. A mostra, apoiada por Larsa, inicia

# REFLEXARTE

son creadores que desenvolven o seu traballo dende hai anos dentro do ámbito da escultura, e o único argumento que os uniu para a ocasión é o emprego do vidro como medio de actuación. A súa unión neste proxecto vén demostrar que hoxe a única barreira que se pode aplicar á arte contemporánea é a da calidade. A súa particular visión, utilizando o vidro cunha versatilidade extraordinaria, ensancha o significado de soportes e procedementos. Salvo excepcións como a de Julia Ares, en xeral é a primeira vez que vinculan a súa traxectoria ao uso deste material, revalorizado e elevado en recentes citas internacionais como a Bienal de Venecia de 2011.

A aparición dos primeiros obxectos de vidro obtido artificialmente vai ligada ao acceso do home ás altas temperaturas, cando se desenvolveron as artes do lume: a olaría, a metalurxia e a vidraría. Crese que o vidro nace no "Crecente Fértil", no territorio situado entre os ríos Tigris e Éufrates, e que se estendía desde a costa mediterránea de Siria ata o Golfo Pérsico, entre finais do período Neolítico e os comezos da Idade dos Metais e das Culturas Metalúrxicas. Hoxe, este fráxil e fermoso material é empregado por artistas como os que integran REFLEXARTE que, ampliando territorios, traspasan a fina liña da artesanía para internarse de cheo na creatividade conceptual e formal da arte contemporánea.



no MPG unha itinerancia que continuará por Vigo, Coruña, Vilagarcía de Arousa, Ourense,

Lugo, Pontevedra e concluirá na Semana Verde de Galicia, en Silleda.

## BIBLIOTECA

### >> Os socios e patróns escriben

Entre os ingresos recentes, damos conta e agradecemos as achegas de socios e patróns do Museo:

BERAMENDI, Justo (2011) España y las naciones movilizadas. En: *Provincia, Región y Nación en la España contemporánea*. Santander. — Moitos futuros posíbeis. En: 15-M: *O pobo indignado*. Santiago.

CERRATO ÁLVAREZ, Ángel, CERRATO COVALEDA, Ángel C. (2011) *Revilla Vallejera: la memoria del pasado II. Los oficios*. Palencia.

COLQUHOUM, Iain (2011) *Galicia rural: un ensaio fotográfico*. Cangas do Morrazo.

FERNÁNDEZ CARRERA, X., VILAR ÁLVAREZ, Manuel (2011) *Romaría da Costa da Morte*. Vimianzo.

GARCIA-ORELLÁN, Rosa (2011) *Mujer pasaitarra en el pasado siglo XX: Recreación de vivencia e imaginarios*. Donostia.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (2011) Un "Bando de Buen Gobierno" do Concello de Tui (1894). En: *Tui, festas de San Telmo 2011*. Tui: Concello —, CES, M. (2011). A pesca da lamprea no río Tambre. *Barbantía*, nº 7.

LEMA SUÁREZ, Xosé María, FERNÁNDEZ CONCHEIRO, C. (2010) *O hórreo atlántico ou fiestrán: cabazos e cabaceiras da Costa da Morte e Barbanza*. Vimianzo.

LOBATO, Xurxo (2010) *Vivir na Coruña: unha forma de habitar a cidade*. A Coruña. —, PEREIRO, X.M. *Monforte de Lemos: soñando o futuro*. Monforte de Lemos.

HERVELLA COUREL, A. (2011) *Romances populares gallegos recogidos de la tradición oral*. X. Ramón Mariño Ferro e Carlos L. Bernárdez (ed. lit). Vigo.

PEREIRA, Dionisio (2010) *As vítimas do franquismo na Terra de Montes (1936-1953)*... Cerdedo.

— (2011) *Facianas da represión franquista na Terra de Montes*. Cerdedo.

PERNAS OROZA, Herminia (2011) *Historia das mulleres en Galicia. Época contemporánea*. Santiago: Nigra.

SUÁREZ MESÍAS, Olga (2011) *Memoria do oficio do mar en Burela*. Burela.

## 8ª EDICIÓN DO PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS

>> Mercé ao patrocinio da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, este ano convócase de novo o **Proxecto didáctico Antonio Fraguas**, que no curso académico 2012-2013 chega á súa oitava edición.

Como nas convocatorias anteriores, establécense dúas modalidades: ensino primario e ensino secundario. En cada unha delas elixirase un proxecto, que se ha desenvolver durante o seguinte ano lectivo. Institúese un premio de 7.000 euros para cada modalidade. O premio dedicarase integramente á realización do proxecto, que pode incluír a adquisición de material escolar ou equipamento destinado a el. A aplicación do premio deberá comprender a elaboración dos materiais que plasmen o traballo realizado, presentados en lingua galega e no formato axeitado para a súa exposición.

O ámbito temático abranguerá un ou varios destes campos: etnografía, antropoloxía, xeografía, historia ou arte. Un capítulo ou alínea do traballo dedicarase a abordar algún aspecto lingüístico (toponimia, antroponimia, léxico, fraseoloxía...) relacionado co tema proposto.

As candidaturas remitiranse á Fundación Antonio Fraguas Fraguas, San Domingos de Bonaval, 15703 Santiago de Compostela, **ata o 25 de maio de 2012**. O Xurado emitirá o seu ditame antes do 15 de xuño.

O traballo iniciarase co ano académico e deberá estar finalizado e presentado para a fin do curso 2012-2013. No outono organizarase a exposición dos seus resultados.

As bases íntegras pódense descargar no seguinte enlace:

<http://www.museodopobo.es/uploads/file/8%20proxecto%20did%C3%A1ctico%20Fraguas.pdf>

PROXECTO DIDÁCTICO  
**ANTONIO FRAGUAS**  
8ª EDICIÓN 2012-2013

Antonio Fraguas Fraguas

Convoca  
Organiza  
Patrocina

Museo do Pobo Galego  
XUNTA DE GALICIA

## PROTECCIÓN DE DATOS

>> De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos que os seus datos persoais están incorporados a un ficheiro automatizado propiedade do Museo do Pobo Galego, coa finalidade de informar das súas actividades. Estes datos non serán cedidos a ningunha outra entidade e vostede poderá exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na lexislación vixente sobre protección de datos, dirixíndose por escrito ao Museo do Pobo Galego, San Domingos de Bonaval, 15703 Santiago de Compostela.

**Rogamos comunique á administración do Museo, [info@museodopobo.com](mailto:info@museodopobo.com) o seu enderezo de correo electrónico para poder enviarlle por este medio toda a información que se produza.**

**Páxinas  
Informativas**  
do Museo do Pobo Galego



Museo do Pobo Galego. San Domingos de Bonaval. 15703 Santiago de Compostela  
tel. 981 583 620 • fax 981 554 840 •  
[www.museodopobo.es](http://www.museodopobo.es) • correo electrónico: [info@museodopobo.com](mailto:info@museodopobo.com)